

Quen é...?



Imaxe xerada con IA

Rosalía Barreiro

Ficha persoal

Nome: Rosalía Barreiro

Profesión: Capitá de bandoleiros

Idade: 38 anos


Estado: Solteira. Non sabe escribir

Poboación: San Pedro de Rebón (Moraña, Pontevedra)

Descrición: Muller de estatura, cara e nariz normais; de cor branca e rubicunda, pelo negro e algo cano; ollos negros.

Viste dengue de media *grana*, brial de *zaraza*, mandil de *pardomonte*, xustillo de pana negra e chaqueta de Alcoi, todo moi gastado.

Delito: roubos cometidos nunha cuadrilla de bandoleiros en Pontevedra.



Xulgado: Sala do Crime da Real Audiencia de Galicia. Apertura de dous incidentes de causa por fuxida nas xurisdicións de Penaflor (1828) e de Pontevedra (1831).

Pena: Prisión


Centros: Cadeas de xurisdición de Penaflor e da Coruña.

Feitos

Foxe o 16 de marzo de 1828 do cárcere da xurisdición de Penaflor, concello de Moraña.

Rosalía áchase doente na cama da cela cun grillón no pé, do que se libera sen rachalo nin forzalo porque lle está frouxo. Coas portas do calabozo e do cárcere abertas e todos os gardas fóra, en misa ou aireando outros presos, escapa en pleno día nunha mula, cun capote e un chapeu para non ser recoñecida. Conta coa axuda dun home e dun rapaz non identificados. Cabalga ata Pontevedra, onde se agocha na casa do carcereiro Santisteban. Esta persoa axudoulle nunha fuxida anterior do cárcere de Caldas de Reis.

Está fuxitiva trece días. Arréstana en Pontevedra e trasládana á cadea de Penaflor. Neste momento leva uns pendentes e un colar de ouro que, declara, lle costaron oito pesos.



Aínda que non é condenada pola fuxida grazas a un indulto xeral de Fernando VII polo día de San Fernando, non é posta en liberdade por ter penas anteriores pendentes.


Deteñen os oito gardas e o alcaide carcereiro por cómplices, pero indúltanos tamén e póñenos en liberdade.

Contexto

Fuxida posterior ao 25 de abril de 1831, en Tabeaio. Rosalía ten agora 42 anos.

Atópase presa no cárcere real da Coruña, condenada por ladroa e socorrida con alimentos porque todos os seus bens se poxaron previamente. A xustiza de Pontevedra reclámaa para continuar unha causa criminal contra a cuadrilla que asaltou a casa dun veciño de Santa Xusta de Moraña en 1813.


Viaxa custodiada, de xustiza en xustiza, pero pasado un tempo non chega a Pontevedra. A última pista súa é que chega dende Anceis á casa do mordomo pedáneo de Tabeaio. Este non a ve como unha presa perigosa, senón “una de las mugeres que se destierran de los pueblos por su mala conducta”. Rosalía bótase polo chan cuns movementos que semellan unha doenza grave e, mentres o mordomo vai buscar un carro para levala, desaparece. Como? Un home non identificado ofrécelle unha cabalgadura coa que cruza por Tui a Portugal. Alí pasa un ano pedindo esmola.



Regresa a Galicia para ir ao hospital de San Roque, en Santiago de Compostela, e de volta a Portugal detéñena o 9 de agosto de 1832.

É condenada a seis meses de cadea na Coruña.

No bandoleirismo galego do século XIX sorprende a cantidade de mulleres que participan nas cuadrillas, todas elas parentes dos bandoleiros: mulleres, irmás, mozas ou amantes. Son a ligazón da banda co mundo exterior, como vendedoras do botín, costureiras da roupa roubada, espías nas feiras de gando... Só unhas poucas están presentes nos asaltos, ás veces vestidas de home e disparando, aínda que normalmente quedan fóra cuidando das cabalerías.



Unha delas é Rosalía Barreiro, capitá de cuadrilla. Segundo Beatriz López Morán, estivo vinculada a varias bandas e, malia non constar que dirixise ningunha en concreto, transcende o papel de capitá pois controla as cuadrillas nas que intervén. Destaca o seu labor vendendo a prata do botín en Portugal e a súa extraordinaria habilidade de fuga. A súa derradeira pegada documental é de 1846.

Rosalía semella a encarnación da Pepa *a Loba* do imaxinario popular galego, cuxa existencia real nunca se logrou demostrar.


Su astucia y malicia:

Capitana de gavilla,

Sanguinaria y temible

tan perjudicial ala Sociedad

Ladra Sanguinaria y cruel



FONTES

Incidente formado sobre a fuga de Rosalía Barreiro, ladra e capitana de cuadrilla, contra os gardas e carcereiro cómplices nela.

Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia de Galicia. Sinatura 49220-1.

Incidente do oficio de xustiza de Pontevedra sobre pescuda dos suxeitos que permitiron a fuga de Rosalía Barreiro, conducida de xustiza en xustiza dende o cárcere da Coruña ao de Pontevedra.

Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia de Galicia. Sinatura 734-12

BIBLIOGRAFÍA

López Morán, B. (1984). *El bandolerismo gallego*. Edicións Xerais de Galicia.

López Morán, B. (1992). *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX* [Tesis doctoral non publicada, Universidade de Santiago de Compostela]

López Morán, B. (1995). *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX*. Edicións do Castro.

AGRADECEMENTOS

A Beatriz López Morán

A Marta Polo Trasancos



ARQUIVO
DO REINO
DE GALICIA



Xacobeo
2027